

A primeira música para órgano que se conserva escrita en partitura remóntase ao século XV e está estreitamente vinculada á práctica da transcrición e da adaptación de música preexistente. Este feito permítenos comprender a importancia que tiveron os arranxos para este instrumento ao longo da súa historia.

Seguindo esta tradición centenaria, neste concerto escoitaremos a colección de catro concertos coñecida como *As catro estacións* de Antonio Vivaldi, nunha versión para violín e órgano. Mentres que o violín solista interpreta a parte orixinal de Vivaldi, o órgano asume o conxunto das demais partes orquestrais, trasladando a un só instrumento a riqueza e a complexidade da escritura concibida orixinalmente para a orquestra.

Grazas á diversidade dos seus rexistros, aos seus distintos teclados e ao pedaleiro, o órgano ofrece unha extraordinaria variedade de cores e recursos sonoros que lle permiten afrontar este desafío. O resultado é unha nova perspectiva sobre unha das obras fundamentais da historia da música: unha música que recoñecemos, pero que se nos presenta cunha sonoridade diferente e nos convida a descubrila de novo.

Miriam Hontana

VIOLÍN

Daniel Oyarzabal

ÓRGANO

MARTES 17 DE NOVEMBRO — 21:00
CONCATEDRAL DE SANTA MARÍA DE VIGO



ENTRADAS EN ATAQUILLA.COM
E NA SEDE DE AFUNDACIÓN

PROGRAMA

Maurice Duruflé (1902-1986)
Toccata, da Suite para órgano, op. 5

Antonio Vivaldi (1678-1741)
Concerto para dous violíns en re menor, RV 565
transcrición para órgano de
Johann Sebastian Bach (BWV 596)

Antonio Vivaldi (1678-1741)
A catro estacións, da colección O desafío da harmonía e a invención, op. 8
– Concerto n.º 1 en mi maior, «A primavera», RV 269
Allegro — Largo e pianissimo sempre — Allegro pastorale

– Concerto n.º 2 en sol menor, «O verán», RV 315
Allegro non molto — Adagio molto — Allegro

– Concerto n.º 3 en fa maior, «O outono», RV 293
Allegro — Adagio molto — Allegro

– Concerto n.º 4 en fa menor, «O inverno», RV 297
Allegro non molto — Adagio molto — Allegro